



Avisos.

Convenio coa Deputación:

O Concello de Boimorto asinou un convenio coa Deputación da Coruña grazas ao cal todo aquel que precise enviar algunha documentación á Deputación pode facelo a través das oficinas do Concello sen que isto lle supoña ningún custe. O funcionamento é similar a "valixa" que dende hai uns anos se mantén coa Xunta de Galicia.

Cultura

ACTIVIDADES TEMPO DE LECER

O Vindeiro 15 de xuño rematarán as actividades do Programa Tempo de Lecer do curso 2010/2011.

Co gallo da despedida do curso o venres 10 de xuño ás 16:15 h., o Concello organiza unha actuación de maxia na Casa da Cultura.

Actuará o **Mago Dani**, artista de apenas 10 anos que fará as delicias do público asistente.

Actuación subvencionada por:



Santiaguíños de Boimorto

Actuación de Mini e Mero na Casa da Cultura o 3 de xuño de 2011 ás 9 e media da noite.

Feira Mensual

Este mes de xuño a feira cumpre o seu ano de vida e co gallo do aniversario actuará a charanga **Tralla 101** durante a mañá. Nos próximos meses de verán contaremos con máis actividades para agradecer o apoio brindado a esta Feira.

Servizos Sociais

Aberto o prazo para solicitar as vacacións do IMSERSO. **Remata o 28 e xuño.**

Información e solicitudes nos Servizos Sociais.

PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

*Ábrese o prazo para a renovación de matrículas dende o **1 ao 15 de xuño** (ámbolos dous incluídos).

*O prazo para as novas inscricións será dende o **20 de xuño ao 20 de xullo** (ámbolos dous incluídos).

Información e solicitudes nos Servizos Sociais

Deportes

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2011 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA NENOS DE 9 A 13 ANOS: está aberto o prazo de inscrición para os campamentos no centro Calvo Sotelo organizados pola deputación. O prazo de inscrición no concello remata o 4 de xuño.

APERTURA DA PISCINA.

O sábado 18 de xuño a Piscina Municipal abrirá as súas portas en horario de 12:00 a 20:00 horas. Para anotarse ós cursos de natación inscribirse na propia instalación falando co socorrista.

CURSOS DE TAICHI NAS PARROQUIAS.

En xullo e agosto haberá Taichi nas parroquias. Serán clases dunha hora de duración e dous días á semana. Para formar grupo terá que haber un mínimo de 8 persoas inscritas desa parroquia. O prazo de inscrición remata o luns día 20 de xuño. As clases comezarán o 1 de xullo. O prezo é de 20 euros os dous meses.

EXCURSIÓN A OURENSE ÁS TERMAS DA CHAVASQUEIRA.

O venres 24 realizarase unha excursión ás termas da Chavasqueira en Ourense. Terá que haber un número mínimo de 30 persoas inscritas para que se realice. Solicitar máis información no concello.

ruta de sendeirismo nas fragas do Eume.

O sábado 25 realizarase unha viaxe ata as Fragas do Eume para facer algunha das fermosas rutas que alí se atopan. Os interesados deberán inscribirse no concello antes do día 23. Máis información no concello.

I TORNEO DE VERÁN DE TUTE NO CENTRO DE MAIORES.

Do 13 ó 24 celebrarase este primeiro torneo de verán. Os usuarios do centro que estean interesados en

participar deberán inscribirse no propio Centro falando con César.

Axente Desenvolvemento Local

Programa de recualificación profesional das persoas que esgotasen a súa protección por desemprego:

Axuda económica do 75% do IPREM mensual ate un máximo de 6 meses.

Beneficiarios/as:

-Persoas desempregadas inscritas nas Oficinas de Emprego, que ata o 15 de agosto de 2011 esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgoten algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

-Carezan de rendas superiores en cómputo mensual ao 75% do SMI, excluída a parte proporcional de dúas pagas extras.

Prazo: máximo de 2 meses desde a data na que se esgotou o dereito á prestación por desemprego a nivel contributivo.

Próxima convocatoria de contratación de persoal polo Concello de Boimorto:

*Socorrista (3 meses).

*3 Auxiliares de axuda a domicilio e Centro Municipal de Maiores (6 meses).

*5 Peóns de Medio Ambiente (6 meses).